




UNIVERSIDADE DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA



66/95

En relación coa aplicación do artigo 14 da Orde do 25 de agosto de 1969, das validacións parciais de estudos parciais estranxeiros,

ESTA SECRETARÍA XERAL ven de dicta-lo seguinte:

1. Os documentos que se presenten para as validacións parciais serán oficiais, expedidos polas autoridades competentes.

2. Legalización única ou "apostilla" prevista polo Convenio XII da Conferencia de La Haya, do 5 de outubro de 1961 (B.O.E. do 25 de setembro de 1978).

3. Respecto da supresión da esixencia de legalización diplomática ou consular terase en conta o que se dispón no artigo primeiro do citado convenio de La Haya.


4. A "apostilla" de La Haya dos documentos expedidos polas autoridades e funcionarios da Administracións Central, así como a legalización única ou "apostilla" de documentos non emanados da Administración Central, estará sometida ó disposto no Real Decreto 2433/1978, do 2 de outubro.

5. En todo caso, debe terse en conta a relación de países que se adheriron ó Convenio de La Haya e aqueles que o fagan con posterioridade á ratificación do mesmo polo noso país.

Santiago de Compostela, 27 de marzo de 1995

O SECRETARIO XERAL




Gumersindo Guinarte Cabada

Sres. Xefes das Unidades de Xestión Académica